



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS
DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E O CONCELLO DE CERVO
PARA O EQUIPAMENTO DUN CENTRO SITO EN SAN CIBRAO, ONDE SE
PRESTEN SERVIZOS DAS CARTEIRAS DE SERVIZOS DE PROMOCIÓN DA
AUTONOMÍA E DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, **DECLARA:**

Que esta consellería de Política Social ten previsto formalizar co concello de CERVO (Lugo) o convenio de colaboración arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto o equipamento dun centro sito en San Cibrao (Cervo) onde se presten servizos das carteiras de servizos de promoción da autonomía e de atención á dependencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes, en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro - No impulso das medidas do Plan de viabilidade de centros destinados á prestación de servizos sociais, instrumentadas a través de convenios de colaboración con entidades locais, particularmente da zona de As Mariñas, do Programa de Desenvolvemento Rural Sostible, desenrolado a partir da Lei 45/2007, do 13 de novembro para o desenvolvemento sostible do medio rural e o Real Decreto 752/2010, do 4 de xuño polo que se aprobou o primeiro programa para o período 2010-2014 en aplicación de dita lei.

Segundo - No interese publico existente en cubrir as necesidades na zona de As Mariñas, mediante a posta en marcha dun recurso destinado a prestar servizos das carteiras de servizos de promoción da autonomía e de atención á dependencia, no Concello de Cervo, no que as persoas maiores e/ou





dependentes poidan recibir unha serie de coidados e atencións de carácter persoal, terapéutico e social, tendo en conta que na actualidade xa está construído un centro que tan só precisaría para a súa entrada en funcionamento, a dotación do equipamento de cociña e lavandería.

Terceiro - Que no concello de Cervo non hai ningún recurso das características do obxecto do presente convenio, destinado a maiores.

En relación con esta situación, o artigo 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece que a Xunta de Galicia deberá cooperar cos concellos coa finalidade de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que se refire á creación e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos.

Cuarto - Que en vista da situación existente e das limitacións que no seu día impediron a incorporación desta actuación dentro dalgún plan de desenvolvemento que financiara investimentos similares, resulta preciso instrumentar a colaboración co Concello de Cervo para poñer en marcha un recurso de atención ós maiores da zona. Xa no ano 2010 emitíuse desde a extinta consellería de Traballo e Servizos Sociais informe de viabilidade do proxecto básico e de execución de centro de día residencial presentado polo concello. Ó abeiro da Orde do 19 de febreiro de 2010 pola que se regulaban as bases que rexían a concesión de subvencións para o cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais, concedéuselle ó concello unha subvención para a construción do centro e o equipamento parcial do mesmo. Unha vez rematado o investimento, no ano 2014 efectuouse por parte dos servizos técnicos da consellería a comprobación material pertinente. Habida conta destes antecedentes, este edificio precisaría para a súa entrada en funcionamento a dotación do equipamento de cociña e lavandería.

Quinto - A este respecto a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia recolle no seu artigo 19.4 a posibilidade de subvencións directas por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Pola súa parte o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, establece que estas transferencias se instrumentarán a través dunha resolución ou convenio que, en todo caso, deberá axustarse ás previsións contidas en dita Lei, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

Edificio Administrativo San Caetano

15781 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 54 54 00



Así pois a actuación que se propón realizar, para que sexa un recurso social de acceso público a todos os maiores da zona, pode materializarse mediante un acordo co Concello de Cervo. Colaboración que esixe a formalización dun convenio de colaboración coa entidade local para realizar a transferencia de capital que permita executar as inversións precisas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1 / 2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 19 de abril de 2016.

A Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Coro Piñeiro Vázquez.

Asinado por: PIÑEIRO VAZQUEZ MARIA DEL
CORO
Cargo: Directora Xeral de Maiores e Persoas con
Discapacidade
Data e hora: 25/05/2016 14:35:41

CVE: 97c5f035-ef1c-49ea-b3f2-8e7db7682580
Verificación: <https://sede.xunta.es/cve>

